

# MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego  
“Luis Freire”

Volume 22  
2019



GRUPO MICOLÓGICO GALEGO

## EDITORIAL

### «CÓDIGO ÉTICO DE DIVULGACIÓN MICOLÓXICA» DO GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

O Grupo Micolóxico Galego constituíuse o 9 de maio de 1992 (número de rexistro 115.718) como asociación independente e científica, **dedicada ao estudo, divulgación e defensa do medio natural en todos os aspectos relacionados coa macromicología** (cogomelos).

Entre os seus fins figura a **organización de actividades relacionadas co estudo e coa divulgación do coñecemento macromicolóxico** (cogomelos), así como **publicar revistas e traballos científicos, divulgativos e informativos**, que se consideren necesarios para difundir os seus estudos e investigacións.

Como consecuencia, é habitual que os seus socios participen, en colaboración con entidades académicas, sociais, culturais, etc., en actividades de divulgación e, perante o interese manifestado pola maior parte da poboación en aproveitar este recurso natural e forestal desde o aspecto gastronómico (micófagos) e non tanto do coñecemento ecolóxico (miconaturalistas e investigadores), o G.M.G. na Asemblea Xeral, celebrada no mes de xaneiro de 2019, acordou establecer un código ético a seguir polos seus socios nas labores de «divulgación científica relacionada cos macromicetos»: charlas ou conferencias, cursos, publicacións, saídas pedagóxicas e exposicións con material fresco.

Este «código» ten especial interese para a sustentabilidade do recurso, nun **momento no que se está a legislar** o seu aproveitamento e, no que o **cambio climático global** e os **incendios forestais** son tan perniciosos para a **conservación da micobiota**, é dicir, da diversidade micolóxica.

As propostas resúmense no seguinte decálogo:

Durante as **ACTIVIDADES MICOLÓXICAS**, nas que se participe, darase a coñecer e farase cumprir a **lexislación vixente** en Galicia, o DL 50/2014 do 10 de abril (actualmente en revisión), con especial fincapé na **propiedade dos cogomelos**, nas **cantidades de recolección** (menos de 2 kg/persoa/día), no **xeito de apañalos** (con coidado e só exemplares enteiros, sen cortalos), e na **conservación do entorno** (deixar o solo e a vexetación sen alteracións visuais).

Nas **CHARLAS E CURSOS** débese resaltar a **importancia da bioloxía e ecoloxía das especies fúnxicas**, así como o seu interese para o **entorno e para a conservación** da diversidade da micobiota, dándolle prioridade sobre a comestibilidade. **Todos os cogomelos serven para reproducir os fungos, e estes teñen unha función no campo, aínda que nós a descoñezamos!**

O **OBXECTIVO** prioritario dun **PASEO PEDAGÓXICO** será ensinar aos participantes a **apañar os cogomelos**, a **identificalos** e os **posibles usos** (non abusos) para o seu futuro aproveitamento por parte do asistente. Por isto, só se levarán un ou dous cestos por grupo nos que se transportarán os exemplares descoñecidos para estudar despois na aula, tendo en conta que **os cogomelos sen nome, nin son comestibles, nin tóxicos, simplemente non son!**

Un **PASEO PEDAGÓXICO** polo campo (saída), no que participan miconaturalistas e micófagos, ten que **ir precedido dunha explicación micolóxica** previa e da indicación de normas, precisas e claras, coas que se vai funcionar durante o recorrido. **O que non sabe é coma o que non ve, sen querer pode estragar todo!**

O **GRUPO DE PARTICIPANTES DUN PASEO MICOLÓXICO POR DOCENTE OU MONITOR** non debe exceder o de 20 persoas para evitar o incumprimento das normas, tanto legais coma do grupo, e para poder previr a degradación da zona visitada. **Os alumnos deben ser en número pequeno, o ideal sería como indicaba o Padre Sarmiento, *máis cas gracias* (3) e *menos cas musas* (9)!**

Nas **SAÍDAS PEDAGÓXICAS** non se permitirá **apañar cogomelos para comer** (nin de forma particular, nin para o grupo). Esta norma impide que se esquilmen forestas onde existe gran diversidade fúnxica, e salvagarda ao docente da responsabilidade de calquera problema con posibles micetismos e intolerancias, impedindo que o monitor perda o «control directo» sobre os cogomelos que van ser consumidos.

Nas **COMIDAS GRUPAIS** coordinadas ou dirixidas por membros do G.M.G., débese esixir o **uso de material micolóxico certificado** en cumprimento do Real Decreto 30/2009, do 16 de xaneiro. Non esquecer que unha posible intoxicación é un problema de saúde pública e da **responsabilidade indirecta do encargado do grupo**, aínda que non cociñe.

As saídas ao campo en grupo para recoller exemplares de cara a unha **EXPOSICIÓN CON MATERIAL FRESCO** **deben evitarse na medida do posible**. E, no caso de facelas, se os cogomelos son grandes non recoller máis de 2 exemplares de cada especie, e, se son pequenos, un máximo de 4.

Nas **FICHAS QUE SE MOSTRAN NAS EXPOSICIÓNS DE MATERIAL FRESCO** non se debería incluír información sobre a **comestibilidade ou toxicidade** das especies expostas, ca fin de evitar que os visitantes só se interesen por aquelas que son comestibles. **O exceso de confianza tamén pode matar!** Actualmente, co nome popular e co científico a

información está facilmente dispoñible para quen a necesite, e a responsabilidade do que faga con ela é só súa, pódense incluír carteis con esta información.

Non obstante, nas **FICHAS DAS EXPOSICIÓNS MICOLÓXICAS** de cogomelos frescos pódense incluír datos referidos ao tipo de nutrición, ao hábitat, á fenoloxía, á rareza da especie na comunidade autónoma, etc. e, pódense realizar **visitas guiadas**, ao longo do día (horario anunciado previamente), co fin de complementar a información da ficha e salientar características, como utilidade, rareza, fenoloxía...

**GRUPO MICOLÓXICO GALEGO**  
Apartado de Correos 3083  
E-36200 – Vigo  
<https://www.mykes.es/>